

Praza número: 26/5001

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
(Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

- Non se consideran áreas afíns no concurso desta praza.
- Consideraranse como méritos na especialidade de coñecemento os relacionados co Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Soamente terán consideración publicacións que dispoñan de ISBN.
- Terase en conta a calidade e prestixio dos contidos e da editorial da publicación.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Aplicarase 4 puntos para proxectos de ámbito nacional ou internacional, 3 puntos para ámbito autonómico e 2 puntos para ámbito universitario.

Praza número: 26/5001

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
(Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Terase en conta unicamente aquelas estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e internacionais, superiores a un mes, e que se diferencian en todo caso das estadías de investigación ou de formación. A valoración será a seguinte:

- Estadía internacional: ata 2 puntos (0,2 puntos por mes).
- Estadía nacional: ata 1 punto (0,1 puntos por mes).

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Valorarase 0,2 puntos por mes.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio nacional ou internacional á excelencia ou innovación docente, concedido por entidades, redes universitarias ou organizacións de recoñecido prestixio: 2 puntos.
- Premio á calidade, innovación ou boas prácticas docentes, outorgada por unha universidade pública ou privada recoñecida, a través dunha convocatoria formal: 1,5 puntos.
- Outros recoñecementos outorgados en convocatorias competitivas con xustificación documental (congresos, xornadas de innovación docente...): 1 punto.

Só se valorarán premios debidamente acreditados. Nos casos de premios colectivos, só se valorarán se se xustifica documentalmente a participación activa e relevante.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science, e cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia e teñen revisión por pares. Os criterios de valoración serán os seguintes:

Praza número: 26/5001

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría

(Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

- Publicación en revista Q1 ata 4 autores: coeficiente de 1
- Publicación en revista Q1 con máis de 4 autores: coeficiente de 0,8
- Publicación en revista Q2 ata 4 autores: coeficiente de 0,8
- Publicación en revista Q2 con máis de 4 autores: coeficiente de 0,6
- Publicación en revista Q3 ata 4 autores: coeficiente de 0,6
- Publicación en revista Q3 con máis de 4 autores: coeficiente de 0,4
- Publicación en revista Q4 ata 4 autores: coeficiente de 0,4
- Publicación en revista Q4 con máis de 4 autores: coeficiente de 0,25
- Publicación en revistas indexadas noutras bases de datos ata 4 autores: coeficiente de 1
- Publicación en revistas indexadas noutras bases de datos con máis de 4 autores: coeficiente de 0,5

No caso de publicacións con máis de catro autores, o coeficiente multiplicador calcularase como catro dividido polo número de autores.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

No caso de publicacións con máis de catro autores, o coeficiente multiplicador calcularase como catro dividido polo número de autores.

- Soamente terán consideración publicacións que dispoñan de ISBN.
- Terase en conta a calidade e prestixio dos contidos e da editorial da publicación.
- Criterios de valoración:
 1. Editorial competitiva con indicador de calidade científica: 1 punto por capítulo, 5 puntos por libro.
 2. Outras editoriais: 0,75 puntos por capítulo, 4 puntos por libro.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- No caso de publicacións con máis de catro autores, o coeficiente multiplicador calcularase como catro dividido polo número de autores.
- A valoración dos méritos deste apartado poderá multiplicarse por un valor entre 0.1 e 1 en función da súa relación coa especialidade de coñecemento en Deseño de Contidos Dixitais e Interactivos.

Praza número: 26/5001

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
(Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

III.2 Comunicacóns en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Congreso internacional con comité científico de avaliación por pares e publicación de libro de actas ou resumos: 0,5 puntos por comunicación.
- Congreso internacional con comité científico, sen publicación: 0,4 puntos por comunicación.
- Congresos nacionais con comité científico de avaliación por pares e publicación: 0,4 puntos.
- Congresos nacionais con comité científico, sen publicación: 0,3 puntos.
- Seminarios ou xornadas internacionais con comité científico: con publicación: 0,3 puntos, sen publicación 0,25 puntos.
- Seminarios ou xornadas nacionais con comité científico: con publicación: 0,25 puntos, sen publicación 0,2 puntos.

Non se valorarán achegas presentadas en eventos sen comité científico, con aceptación automática ou sen evidencia de revisión académica.

A valoración dos méritos deste apartado poderá multiplicarse por un valor entre 0.1 e 1 en función da súa relación coa especialidade de coñecemento en Deseño de Contidos Dixitais e Interactivos.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Patentes: valorarase a existencia de patentes con explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza, así como aquelas concedidas pola Oficina Española de Patentes e Marcas a través do sistema de exame previo. Terase en conta a extensión da protección (nacional, europea ou internacional), sendo máis valoradas as que contén cun ámbito de protección máis amplo. Ata 2 puntos por mérito.
- Creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off: recoñecerase a participación directa na creación de empresas baseadas na transferencia de coñecemento derivada da actividade investigadora acreditada da persoa solicitante. Valorarase 2 puntos pola condición de socio promotor, independentemente da porcentaxe de participación.

Praza número: 26/5001

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
(Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

- Informes técnicos: valorarase a elaboración de informes técnicos realizados por encargo dunha institución pública ou privada. Ata 1 punto por cada un.
- Outras actividades de transferencia e divulgación: ata 0,1 puntos por cada mérito.

En A Coruña, a 21 de xullo de 2026

A presidencia da comisión